

## A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

O último terzo do s. XX e os principios do s. XXI caracterízanse por unha eclosión poética e por un forte cambio temático e formal que supón a decadencia da poesía socialrealista e a aparición dunha maior diversidade temática e formal.

Esta etapa está marcada pola chegada da Democracia (cunha lexislación favorable ó uso do galego) e polo estreo de Con pólvora e magnolias de **Méndez Ferrín** que, xunto con Mesteres de **Arcadio López Casanova** marcou un novo rumbo. O libro rompe co socialrealismo e abre temas novos e variados: intimismo existencial, metafísica, mitoloxía cultural, político social, redescobre a linguaxe, e aparece un novo estilo máis culturalista.

**Nos primeiros anos 70** destaca o socialrealismo da man duns autores coñecidos como os Novísimos, mais nos 80 as protagonistas son as novas tendencias como o experimentalismo ou o culturalismo, así como a recuperación de vellas tendencias como o esteticismo.

Os primeiros tanteos renovadores (1976-78) virán da man de varios colectivos poéticos de curta duración como:

**Rompente** (que reacciona bruscamente ante toda a poesía anterior), cunha temática na que se inclúe o medio urbano galego e a asimilación das vangardas. Estaba formado por **Antón Reixa, Alberto Avendaño, Manuel M<sup>a</sup> Romón e Camilo Valdeorras**.

-O Grupo poético **Alén**, caracterizado pola renovación estética e lingüística (**Miguel Mato, Francisco Salinas, X. R. Pena**).

O Grupo poético **Cravo Fondo**, enmarcado nunha liña intimista e lírica, que derivará nunha tendencia ao cultismo e ao clasicismo. Creouse en Santiago e englobaba a sete poetas, case todos lugueses: **Ramiro Fonte, Xulio e Xesús Valcárcel, Xavier R. Barrio, Helena Villar, Fiz Vergara e Xesús Rábade Paredes**.

**Nos 80** consolídase a renovación coas características antes citadas pero non compartidas por todos, non hai unha escola, son diferentes escollas estéticas e voces singulares.

Destacamos a **Manuel Vilanova**, mítico e simbolista con obras como E direivos eu do mester de cobras e que destaca na poesía experimental, na que se proban formas rítmicas e se usa unha linguaxe culta.

Na poesía culturalista, que se caracteriza por continuas referencias a outras obras, destaca **Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo**, aberto á realidade a través de vivencias familiares con Praia das furnas.

**Miguel Anxo Fernán-Vello** trata temas como o amor, o corpo, o desexo, a sombra e a ausencia en obras como Poemas de lenta nudez; **Lois Pereiro**, quen dende que foi o autor do Día das Letras Galegas converteuse nun autor de culto para as novas xeracións, con obras como Poesía última de amor e enfermidade pertencente á chamada poesía do cotián, quña unha linguaxe moito máis sinxela.

Tamén destaca a poesía feminista con obras como Sétima soidade de **Pilar Pallarés**, na que trata o problema existencial.

**A partir dos anos noventa** é máis difícil aínda falar de tendencias comúns, dado o carácter individualista de cada poeta.

Unha posibilidade sería agrupar os poetas desta década tendo en conta a postura con respecto á linguaxe, de xeito que se distinguen tres grupos de poetas:

a. o discurso natural: mergúllanse no discurso cotián e botan man de recursos conversacionais. A súa poesía é intelixible e emotiva, a linguaxe empregada é directa, coa finalidade de atraer o lector e implicalo no poema. Neste grupo podemos incluír escritores como **Ana Román, Fran Alonso e Rafa Villar**.

b. o discurso libertario: a linguaxe é un instrumento de poder, de dominio que actúa como unha forza emancipadora e unha nova forma de resistencia. Neste grupo hai que incluír a **M<sup>a</sup> Xosé Queizán, Lupe Gómez, Yolanda Castaño e o colectivo Ronseltz**.

c. o discurso hermético: fan poemas dificilmente intelixibles debido ao seu extremado cultismo, ao carácter denso e autorreflexivo, á ausencia de orde lóxica das secuencias, ao desvío da norma e á polisemia. É posible incluír aquí a **Xabier Cordal, Chus Pato, Anxos Romero, María do Cebreiro e Manuel Outeiriño**.

Por último, podemos destacar que se produce tamén unha importante incorporación da muller á poesía, xa iniciada na década precedente, que proporciona unha nova vertente feminina e feminista (deconstrución do universo masculino-machista, erotismo e sexualidade femininos...):

**Luísa Villalta, Yolanda Castaño, Lupe Gómez, Pilar Pallarés, Marta Dacosta, Lucía Aldao, María Lado, Chus Pato**

Tamén hai que destacar a **Xela Arias**, figura a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas en 2021.

Os cultivadores da lírica do século XXI exploran na actualidade os eidos da hibridación de xéneros, das variedades conversacionais da lingua, da reivindicación, da poesía feminina, etc. Destacan **Eduardo Estévez, Carlos Negro, Celso Fernández, María Lado, Alberte Morán, Lucía Novás, Séchu Sende** e algúns outros non menos importantes como **Marcos Abalde** ou **Baldo Ramos** que constrúen unha variada paisaxe poética que ampara a esperanza dun futuro prometido.

Na actualidade, a chegada da Internet supuxo unha grande axuda xa que facilita novas canles de publicación: blogs, redes sociais, portais específicos de poesía. Ademais permite a difusión de recitais e videopoemas. Hoxe é moi difícil publicar un libro en papel con poemas, máis é moi doado compartir na rede (seguramente con máis lectores) as creacións poéticas.

Para concluír, cabe destacar que aínda que non posuímos unha visión o suficiente alonxada desta época como para facer unha boa análise dela, o que si podemos afirmar con rotundidade é que esta etapa trouxo consigo a consolidación das mulleres na poesía así como a maior difusión das obras de todos os poetas.